



## O GOBERNO DO PP INICIA RELACIÓNS ECONÓMICO-CULTURAIS CO ESTADO SIONISTA

A Consellaría de Economía e Industria organiza, a través do IGAPE un encontro bilateral Galiza - Israel para fomentar as alianzas empresariais entre os dous países. O vindeiro mércores 14 de Abril inaugúranse unhas xornadas de presentación de empresas e entidades israelís ao tempo que se establecen axendas para establecer o contacto, con intención de continuidade, entre empresas galegas e israelís.

En Decembro do 2009 introdúcese na Galiza, coa complicidade tanto do Estado Español como da Xunta de Galiza, a Cámara de Comercio Galicia-Israel, plataforma de propaganda e promoción das virtudes socio-económicas do Estado sionista. Deste xeito sibilino, as institucións do autogoberno galego permiten e amparan a entrada na Galiza do capital financeiro sionista. As pretensións desta Cámara, baixo a falsa aparencia da procura do desenvolvemento económico-tecnolóxico e a promoción de investimentos, agochan na realidade unha descarada importación das estruturas socio-económicas do modelo sionista, e unha defensa do sistema capitalista israelí; así como unha volta de torca máis na reafirmación das políticas neoliberais que nos levaron á crise actual.

Alén diso, esta Cámara preséntase como peza imprescindible para impulsar a economía galega grazas aos investimentos estranxeiros e ás prolíficas relacións entre Israel e os EEUU co pretendido propósito de levar os produtos galegos ao mercado americano. A ollos desta Cámara de Comercio, Galiza é vista como un territorio empresarial apetitoso grazas a un solo industrial barato e unha man de obra *trabajadora y no conflictiva* (segundo palabras textuais de Francisco Linares Moreno, Presidente da Cámara de Comercio e Industria España-Israel en Galiza). Fica claro o modelo de explotación colonial que pretenden implantar estes señores: Galiza entrega o solo industrial e achega a man de obra barata e quen tira proveito son as multinacionais israelís e norteamericanas coa complicidade e o apoio entusiasta das propias institucións públicas do autogoberno galego.

Lendo as entrevistas e os comunicados dos representantes desta organización, desvéndanse as verdadeiras intencións comerciais desta institución: utilizar o territorio, a materia prima e a man de obra galega como instrumento para o enriquecemento exclusivo das multinacionais do Estado Sionista e do capitalismo estadounidense.

O trasfondo político de todo isto é a dobre moral que se aplica por parte do poder político tanto ao estado terrorista de Israel como ao seu capital financeiro. Israel é un estado sionista, colonizador e invasor, que incumple sistemáticamente innumerábeis resolucións, tratados e normativas da lexislación internacional; así como un estado que viola os máis básicos dereitos humanos: o acoso a Gaza, o muro da vergoña e a represión, que isola e cerca os recursos palestinos; un estado que practica asasinatos, torturas e ocupación dos territorios tanto polo seu exército como polos asentamentos ilegais.



Mentres na Comunidade Internacional crecen os movementos de boicot aos produtos israelís como mínima medida de presión ante o capital sionista, o goberno galego non somentes favorece a cooperación económica con dito estado, senón que está a dar pulo ao desenvolvemento socioeconómico e á ideoloxía dun estado terrorista.

Por todo isto, chamamos ás institucións, organizacións e á sociedade galega á mobilización contra estes acordos, que favorecerán a perpetuación político-económica do sionismo. A **Asociación Galiza por Palestina** únese a estes actos de protesta con este comunicado e prega a difusión do mesmo; do mesmo xeito nós faremos difusión de calquera proposta e convocatoria de rexeitamento e boicot destas relacións de cooperación co estado israelí.

Ademais, esiximos ao Goberno Galego de Núñez Feijoo tanto o cese da súa complicidade cun estado terrorista e violador dos dereitos humanos, como un claro posicionamento ante a política de constante agresión contra o pobo palestino.

Compostela, 12 de Abril de 2010

Véxase :

[http://app.igape.es/prensa/modif\\_ver\\_pdf.asp?pdf=JVGQ-9955](http://app.igape.es/prensa/modif_ver_pdf.asp?pdf=JVGQ-9955), **Expansión**, Luns 8 de Marzo de 2010.

[http://app.igape.es/prensa/modif\\_ver\\_pdf.asp?pdf=GKBQ-9833](http://app.igape.es/prensa/modif_ver_pdf.asp?pdf=GKBQ-9833). **El Correo Gallego**, Domingo 4 de Abril de 2010.